

**ASUNTO: DOTACIÓNS EN PLANTILLA ORZAMENTARIA A CONTEMPLAR NO ANTEPROXECTO DO CAPÍTULO I DOS ORZAMENTOS 2023.**

Á vista das solicitudes achegadas á Área de Recursos Humanos e Formación por parte dos distintos servizos do anteproxecto do Capítulo I dos orzamentos para o ano 2023 (expediente electrónico nº 40.203/220) indícase respecto das mesmas o seguinte:

- A avaliación técnica do custe e viabilidade de creación de estrutura en plantilla consta recollida en informe técnico, de data de sinatura electrónica 25/08/2022 (trámite 32 do expediente)
- En atención aos criterios de eficiencia e sostibilidade do propio Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais, apréciase a razoabilidade de priorizar a racionalización de prazas, utilizando recursos económicos ineficientes en cada servizo dos solicitantes para crear novas dotacións en plantilla, minimizando así as amortizacións de prazas vacantes.
- Das propostas realizadas, e nos termos da motivación técnica contida no informe referenciado, procede, en coherencia co expresado no mesmo, a realización dos traballos técnicos que correspondan para a realización das actuacións seguintes:

a) Creación en plantilla orzamentaria 2023 das prazas seguidamente relacionadas:

Praza	nº	Posto	Código servizo	Servizo/
Técnico/a Xestión	1	Técnico/a Xestión	446	Montes, Parques e Xardíns
Administrativo	1	Administrativo	446	Montes, Parques e Xardíns
Auxiliar	1	Auxiliar	446	Montes, Parques e Xardíns
Técnico/a medio Arquivos	1	Técnico/a medio Arquivos	233	Arquivo Xeral
Oficial Extinción de Incendios	1	Subxefe Extinción de Incendios e Salvamento	213	Extinción de Incendios e Salvamento
Enxeñeiro técnico Forestal	1	Enxeñeiro técnico Forestal	500	Dirección de Ingresos
Enxeñeiro Superior Industrial	1	Enxeñeiro Superior Industrial	210	Seguridade

b) Amortización na plantilla orzamentaria 2023 das seguintes prazas vacantes en plantilla, en atención a criterios de eficiencia:





Praza	N.º	Posto	Códg serv.	Servizo
Oficial Oficios	1	Oficial Almaceneiro/a	446	Montes, Parques e Xardíns
Oficial de Oficios	2	Oficial xardiñeiro	446	Montes, Parques e Xardíns
Axudante de Oficios	1	Axudante de Oficios	446	Montes, Parques e Xardíns
Téc. Actv .Sociais	1	Téc. Actv Sociais	233	Arquivo Xeral
Suboficial	1	Suboficial	213	Ext. de Incen. e Salvamento
Auxiliar administrativo	2	Auxiliar administrativo	500	Dirección de Ingresos

Deixando constancia expresa da inexistencia de solicitudes de amortización adicionais ao efecto, e sempre a salvo de erro ou omisión.

SEI/MVG

A Xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez

A Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021 e 08/09/2022 e Resolución da Alcaldía do 06/09/2022).- Patricia Rodríguez Calviño.

